

PRESENZA DO PADRE FEIJOO EN GALICIA

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN.- Os estudos relativos a Feijoo e Galicia refírense fundamentalmente a presenza de Galicia ou dos temas galegos na súa obra. Este sería o caso da conferencia, logo impresa, de Montero Díaz, S. sobre “Galicia en el P. Feijoo” (1931)¹ ou o artigo de Martínez Lois, A. “Galicia y el P. Feijoo” (1988)². Os dous, teñen os mesmos obxectivos, aínda que o primeiro ten un carácter máis enfático e xeral introducindo frecuentes comentarios sobre o estilo e o talante do Padre Maestro mentras que o segundo é máis sintemático e concreto. Outra temática, tratada cunha certa amplitude nos estudos de escritores galegos sobre Feijoo é a da súa “galegitude”, que segundo Blanco Amor, E.³ reviste unha especial dificultade pois “lo gallego del Padre Maestro es precisamente lo que se escurre por entre las mallas generalizadoras, lo que se salva de la voluntad que propone en el temperamento que dispone”. Inaugurada esta temática por Murguía, M.⁴ nos seus traballos sobre galegos ilustres foi continuada, entre outros, pola Pardo Bazán, Martínez-Risco, Marañón, Filgueira Valverde, Vilanova, Nuñez Búa, etc.

O prantexamento simétrico destes estudos que sería a análise de cómo en Galicia foi acollida a obra de Feijoo, practicamente non foi considerado, agás pequenos apuntamentos de Otero Pedrayo na súa monumental obra (*El padre Feijoo, su vida, obra e influencias*, 1965)⁵ e de outros autores en traballos concebidos con outros obxectivos. A razón pode estar na dificultade que entrañan sempre os estudos diacrónicos, que abranxen amplos períodos de tempo (neste caso desde o século XVIII ata o XXI) pero, tamén, na tendencia

¹ Montero Díaz, S. *Galicia en el Padre Feijoo (conferencia)*. Madrid, 1931.

² Martínez Lois, A. 1988. Galicia y el Padre Feijoo. *Rev. Inst. Cornide Est. Coruñeses*, 24.

³ Blanco Amor, E. *El Padre Feijoo. Tema con Variaciones*. Ed. Galicia. Vigo, 1966.

⁴ Murguía, M. 1876. Fr. Benito Jerónimo Feijoo. *El Heraldo Gallego*, 1876.

⁵ Otero Pedrayo, R. *El Padre Feijoo. Su vida, obra e influencias*. Inst. Est. Orensanos. Ourense, 1972.

dos historiadores profesionais, por cuestións de rigor científico, a centrarse normalmente en períodos de tempo moito máis concretos.

De todas maneiras, non deixan de ter interese estes estudos que analizan nun amplo espectro temporal a evolución dun determinado proceso que neste caso sería o da recepción da obra e o pensamento do padre Feijoo. Con eles pódese ter unha ollada moito máis rica e ampla de cales poden ser as claves das respostas dunha sociedade concreta diante de determinados incentivos intelectuais. Por outra parte, pode ollarse como, cun mesmo obxectivo, as interpretacións poden ir variando e modulándose na historia dunha comunidade segundo os criterios e valores que lle dan carácter á unha determinada época. As dificultades destes estudos son evidentes, pois cada época ten as súas fontes particulares de coñecemento e os métodos de análise das mesmas son , en xeral, diferentes. De todas maneiras, considerando as ventaxas que estes estudos diacrónicos poderían achegar, son cada vez máis os traballos realizados baixo estas perspectivas, sendo aplicados sobre todo no caso das historias temáticas: historia da ciencia, da filosofía, etc.

Neste traballo tentárase valorar como foi a recepción da obra e o pensamento de Feijoo en Galicia desde o século XVIII ata actualidade. De todas maneiras, tendo en conta as sinaladas dificultades que entrañan este tipo de estudos non vai ser formulado con un carácter exhaustivo e definitivo senón, mais ben, como unha primeira achega a esta cuestión.

UN ACHEGA DE BIBLIOGRAFÍA CUANTITATIVA.- Vanse considerar como material de estudo, en primeiro lugar, aquelas publicacións, como libros e artigos, realizadas por galegos ou desde Galicia sobre Feijoo e a súa obra. Tómanse como base de partida as bibliografías recollidas na Biblioteca Virtual do Miguel de Cervantes ⁶, que remata no 2003 con 331 citas das que 33 son publicacións realizadas por galegos) e a de Aguilar Piñal ⁷, que remata no 1982, con 398 citas das que 94 son galegas. Posteriormente, as citas galegas

⁶ Miguel de Cervantes. Biblioteca virtual: *Benito Jerónimo Feijoo* > Su obra: Bibliografía (<http://www.cervantesvirtual.com>)

⁷ Aguilar Piñal, F. *Bibliografía de autores españoles del siglo XVIII*. C.S.I.C. Madrid (1981-2001)

foron completadas ata o ano 2013, con outros repertorios bibliográficos investigados (sobre todo a Biblioteca da USC), ata un total de 165 libros e artigos, que se recollen no APENDICE BIBLIOGRÁFICO deste traballo. Tamén, e como complemento para o século XVIII, no que son moi escasas as achegas bibliográficas, vanse considerar algunhas citas sobre o Padre Maestro que aparecen en obras escritas con outros obxectivos.

Clasificando, por períodos de tempo, as 165 obras consideradas, así como as 331 do repertorio xeral do Cervantes e as 398 de Aguilar Piñal, obtense o seguinte resultado:

Citas bibliográficas, galegas, y de ámbito xeral, sobre o P. Feijoo

	Galegas	Cervantes	Aguilar
Data máxima do repertorio:	2013	2006	1982
1750 – 1799.....	3.....	4.....	1.
1800 – 1849.....	1.....	0.....	1
1850 - 1899.....	32.....	6.....	37
1900 – 1949.....	48.....	19.....	82
1950 – 1999.....	70.....	268.....	277
2000 – 2014.....	11.....	34.....	–

Este resultado concorda aproximadamente coa afirmación de Freire López⁸ sobre a recepción de Feijoo no XIX, en España:

Así como fue un best-seller (Feijoo) en el XVIII, en los treinta primeros años del XIX no se hizo una sola edición de sus obras, y apenas sí existen breves artículos o meras referencias a ellas. La muerte de Fernando VII en septiembre de 1833 no le deparó mejor fortuna. La primera edición del “Teatro Crítico” en el siglo XIX salió a la luz en 1852, y no se trataba de ninguna edición íntegra, sino de una selección de discursos en varios volúmenes, que fue sacando a partir de esa fecha, y en años sucesivos (1853, 1859) la imprenta de los Hermanos Ayguals de Izco. En 1863 se incluían unas “obras escogidas” en la Biblioteca de Autores Españoles (tomo LVI). Hasta el último cuarto del XIX, coincidiendo con la celebración del centenario de su nacimiento, no hubo trabajos de cierta entidad sobre su vida y su obra.

⁸ Freire López, A.M. *Feijoo en el siglo XIX* (Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán y Marcelino Menendez y Pelayo). (<http://www.cervantesvirtual.com>)

De todas formas, e á vista dos datos obtidos para Galicia, pódense realizar unhas consideracións moito máis matizadas.

En primeiro lugar, hai que ter en conta que para realizar unha valoración correcta destes resultados habería que referilos ao conxunto de todas as publicacións de carácter xeral (libros máis artigos) publicados en Galicia ou por galegos en cada período de tempo considerado. Como ese dato é totalmente descoñecido, hai que utilizar como referencia o dato moito máis xeral, e mellor coñecido, da produción bibliográfica española ou, sobre todo, universal. Esta referencia fálanos, sempre, dun proceso exponencial de crecemento da produción bibliográfica (que aproximadamente se duplica cada 10-15 anos) (Price, D.J.S.⁹ López Piñero, J.M.¹⁰) que só, nos últimos anos, semella que tende a unha certa estabilización. Analizando, en relación con esta tendencia xeral, os datos para Galicia, pódese ver que, como sinala Freire López, que ata a segunda metade do XIX non se comeza a falar de novo de Feijoo e que esta tendencia faise evidente, sobre todo, a partir das conmemoracións relativas ao segundo centenario do seu nacemento. Elas xustifican que o período que ten unha maior importancia cuantitativa foi o comprendido entre 1950 e 1999 en boa parte por coincidir coa conmemoración do douscentos aniversario da súa morte ao que se lle dedicou un Congreso en Oviedo (*Feijoo y su siglo*, 1964), o Curso Académico 1964-65 do Ateneo de Santander (*Ocho ensayos en torno a Feijoo*, 1965) así como, na Universidad Nacional de La Plata (Argentina) (*Estudios realizados en conmemoración del II Centenario de su muerte – 1764-1964*. 1965). Nestas tres convocatorias académicas a presenza de escritores galegos foi moi significativa. Finalmente, as 11 publicacións dedicadas a Feijoo no que vai do século XXI, que serían 34 se este ritmo de publicacións se extrapolase ata o 2049) indican que a preocupación sobre o frade de Casdemiro, aínda que en diminución, segue viva en Galicia. De todas maneiras, ao considerar o ritmo exponencial de crecemento que teñen no ámbito xeral as publicacións, hai que recoñecer que esta perda de interese, desde un punto de vista relativo, pode ser máis importante.

⁹ Price, D.J.S. 1956. The Exponential Curve of Science. *Discovery*, 17: 240-243.

¹⁰ López Piñero, J.M. *El análisis estadístico y sociométrico de la literatura científica*. Fac. Medicina. Valencia, 1972.

Cando se comparan os resultados galegos cos de carácter xeral, apreñanse, de toas maneiras, algunhas diferencias significativas, como a maior importancia que teñen as citas galegas con relación ás xerais na segunda metade do XIX e, mesmo na primeira do século XX. Por outra parte, tamén se destaca a desmedida importancia que teñen, no ámbito xeral, as citas correspondentes ao período 1950-1999 que supoñen o 90 % do total no repertorio do Cervantes e o 78% no de Aguilar Piñal mentras que nas publicacións galegas só supoñen un 45%. (*)

O SÉCULO XVIII. No repertorio que se utilizou como base deste estudo existen só tres publicacións realizadas por galegos con relación a Feijoo. Este baixo número habería que relativizalo si se relaciona coas poucas publicacións que se imprimían neste século, así como cos resultados de ámbito xeral que amosan esa mesma escaseza de citas.

Dous das citas galegas, son notas necrolóxicas redactadas polo padre Noboa, de Samos e polo cura de Fruime, Diego Cernadas de Castro¹¹ e, a terceira, é a coñecida *Demostracion crítico-apologética del Theatro Crítico Universal (1732)*¹² de Martin Sarmiento na que fai unha encendida e polémica defensa da obra do seu compañeiro de hábito. Non foi esta a única obra na que defende a Feijoo contra os ataques que estaba a recibir en España se non que outras, inéditas no seu tempo, como *Martinus contra Martinus (1731)* e o *Papel Satírico (1731)* contra Carlos de Montoya y Unzueta, tamén levaban ese mesmo obxectivo. Tampouco se poderían esquecer a publicación dos 14 índices das obras de Feijoo, así como as numerosísimas veces nas que Sarmiento fixo referencia a súa obra .

A *Oración Fúnebre (1765)*¹³ redactada polo Meste Xeral da orde e antigo abade de Samos, Eladio Noboa, é unha ampla peza de 58 paxinas escrita no

¹¹ Cernadas de Castro, D. *Ofrenda general para las exequias del muy ilustre Rvdo. P.M. Feijoo*. 1774. En *Xornalistas con opinión. Escolma de Textos*. 2 (Coords. Aneiros, R. López, X. Freixanes, V.) Consello da Cultura Galega. Santiago, 2010.

¹² Sarmiento, M. *Disertacion Crítico-Apologética del Teatro Crítico Universal*. Madrid. 1739.

¹³ Noboa, E. *Oración fúnebre en las exequias que en el 22 de enero de 1765 celebró el Real Monasterio de San Julián de Samos a su hijo en Muy Ilustre Señor, y ... en Samos*. 1765.

clásico estilo encomiástico destes traballos, no que fai un relatorio da vida de Feijoo así como das vicisitudes que acompañaron aos seus traballos destacando a boa recepción que tiveron en determinadas dignidades eclesiásticas. Por outra parte, o escrito do cura de Fruime, tamén dentro das constantes tradicionais destas pezas funerarias ten a orixinalidade de estar dirixido á *su muy Noble, muy Respetable y muy Amada la Nación Gallega*. E nel, destaca que:

El se ha sabido insinuar en el corazón de los mayores hombres y Principes de Europa, y aun fuera de, ella, de tal suerte que ninguno de buen gusto puede pasar sin tenerlo a la vista, quando menos en su viva copia, que son sus escritos, en que está respirando aquel dulce aliento, aquel brillante espíritu, aquel suve agrado, aquel candor ingenuo, aquel talento delicado, aquel perspicaz discernimiento, aquel poderoso atractivo con que enseña, deleyta, mueve, encanta y se hace dueño de los ánimos de todos.

Concluindo, con unha nova referencia a Galicia: *Feijoo, Señora, áun después de muerto, os estará dando aquel lustre y brillantez, que os daba de vivo; y la posteridad os dará siempre el parabién de ser madre suya*. Aínda que foi publicada en 1774, co conxunto da obra do Cura de Fruime, debeu de ser redactada no mesmo ano da morte do P. Feijoo, en 1764.

Nun século tan escaso en publicacións como foi o XVIII (sobre todo cando se comparan cos seguintes) non pode reducirse só a elas o rastrexo sobre as pegadas que a obra de Feijoo deixou en Galicia. Tanto ou máis importantes poden ser as referencias que poden aparecer sobre seus traballos na obra dos escritores galegos deste século. Maiormente, as correspondentes aos homes máis sensibles ao pensamento ilustrado como Cornide, Somoza de Monsorriu, Sanchez, Labrada, Consul, etc. Sin chegar a facer unha investigación exhaustiva, a lectura das principais obras destes representantes das luces galegas non amosan citas sobre Feijoo, algo semellante ao que aconteceu con Jovellanos, Floridablanca ou Campomanes. Só o caso do asturiano afincado en Galicia, Consul Jove, que no seu *Ensayo sobre la Hidraulica Rustica (1788)*¹⁴ e no seu Discurso Preliminar no que fai unha dura crítica da física aristotélica, acude a unha cita do beneditino para darlle peso aos seus argumentos en contra das aplicacións á cuestións médicas que realizaban algúns profesores

(*) Para o cálculo das porcentaxes tívose en conta só as citas anteriores a 1999. Como a bibliografía de Aguilar Piñal remata no 1982, neste caso considerouse a produción estimada para 1999 se a tendencia fora constante.

¹⁴ Consul Jove, F. *Ensayo de Hidráulica Rústica*. Impr. I. Aguayo. Santiago, 1788.

da Universidade de Santiago, “teólogos peripatéticos y filósofos del escotismo” :*Ya lo dijo el P. Feijoo, que aunque toda la Filosofía de las Escuelas, y libros de Aristóteles se pusiesen en un Alambique, no darían una gota de esencia para la Medicina.*

Moito máis importantes foron as citas que sobre Feijoo recolle o médico Fernando Oxea na súa *Disertación Médica*¹⁵. Desde a “Breve advertencia apologética” na que xa invoca ao *incomparable Feijoo* ata as oito veces que o Padre Maestro é citado como criterio de autoridade, ben polo seu pensamento ou ben polos casos prácticos que considera. En toda a obra están presentes os criterios empiristas que defende o benedictino, así como outros novatores como Martínez, Piquer ou Valles. Do tamén médico, Gómez de Bedoya, que foi o mestre de Oxea na Universidade de Santiago, tamén se considera que foi un dos defensores de Feijoo nesta institución, se ben na súa obra fundamental *Historia de las Fuentes Minerales de España (1764)*¹⁶ é citado escasamente, sobre todo se o comparamos coa profusión coa que se fai referencia nesta obra aos outros novatores que destacaron no eido da medicina (Martínez, Piquer, Rodríguez, etc.). A defensa de Feijoo na Universidade de Santiago, segundo Varela, C.¹⁷ está representada pola obra do P. Santos *Bello gusto de moda*.

Finalmente, existe outro dato que pode ser interesante para avaliar en que medida a obra e o pensamento de Feijoo foi considerado pola sociedade galega do XVIII que é o da presenza nas bibliotecas públicas ou privadas das obras do Padre Mestre. Da Universidade de Santiago, sábese que en 1774 eran mercadas polo bibliotecario Valle-Inclán ao libreiro Sancha e Alberá e que existían tamén en moitas bibliotecas conventuales (Rey Castelao, O¹⁸). Das bibliotecas privadas investigadas coñécese a presenza das obras de Feijoo, na do arzobispo Muzquiz RC), así como nas de algún pazos como os de Oza,

¹⁵ Oxea, F. *Disertación Médica de la simplicidad, i sencillez con que se debe ejercer la Medicina*. I. Aguayo. Santiago, 1777.

¹⁶ Gomez de Bedoya y Paredes, P. *Historia Universal de la fuentes minerales de España*. I. Aguayo, 1764.

¹⁷ Varela, C. Quien no moliniza janseniza. Lecturas prohibidas nas bibliotecas compostelanas. En *Ilustración e modernidade*. (Coord. Barreiro, X.L.) USC. Santiago, 1997.

¹⁸ Rey Castelao, O. *Libros y lecturas en Galicia: siglos XVI-XIX*. Xunta de Galicia. Santiago, 2003.

Viloria (PS) ou de Casaldireito, no Ribeiro (DC) ¹⁹. Pódese intuír, polo tanto que a presenza das obras de Feijoo no século XVIII era relativamente frecuente nas bibliotecas institucionais galegas, así como nas correspondentes ao alto clero, e as dos nobres e fidalgos que tiñan un certo nivel cultural.

O SÉCULO XIX. Como sinalan Maraño, G. (1934) ²⁰ Freire López (1996) ²¹e Barreiro Fernandez (1996) ²² na primeira metade do século practicamente non hai ningunha cita sobre Feijoo e, as poucas que existen corresponden a extranxeiros como Laborde (1808) ou Blanco White (1822). Semella como si o alento renovador do beneditino, tan valorado no século anterior caera nun esquecemento forzado que nen sequera os contados períodos liberais dese tempo conseguira restablecer. Para algún investigador (Galech, J.M. 2010 ²³). a hostilidade dos románticos cara a Ilustración podería ser debida a que para uns resultaba “clerical e timorata” mentres que para outros era “arriscada e heterodoxa”. A recuperación da figura do Padre Mestre para España comezaría en 1852 coa reedición do *Teatro Crítico* e, sobre todo, cos estudos que se lle dedicaron coa ocasión da celebración do segundo centenario do seu pasamento. De todas maneiras, foi unha recuperación, cuantitativamente, moi lenta que só alcanza un crecemento importante ata a segunda metade do século vinte, practicamente cen anos despois. Posiblemente, esta recuperación, da obra de Feijoo correu paralela ao interese que para os historiadores foi collendo o período ilustrado como un dos momentos nos que a vida española comeza a manifestar unha nova vitalidade e un desexo de non perder o tren da cultura europea, maiormente no relativo á polémica sobre a Ciencia en España.

¹⁹ Saavedra, P. A cultura pacega. Algunhas mostras. En *Homenaxe a Xosé Luis Barreiro Barreiro*. USC. Santiago, 2011.

²⁰ Maraño, G. *Las ideas biológicas del Padre Feijoo*. Ed. Espasa. Madrid, 1934.

²¹ Ibid. (8)

²² Barreiro Fernández, X.R. 1996. O estudio crítico das obras do P. Feijoo de Pardo Bazán, Concepción Arenal e Miguel Morayta. *La Tribuna*, 2003.

²³ Galech, J.M. *Astrología y medicina para todos los públicos: las polémicas entre Benito Feijoo, Diego Torres y Martín Martínez y la popularización de la ciencia en la España del siglo XVIII*. Univ. Aut. Barcelona. 2010

En Galicia, o despertar dun sentimento positivo cara a figura do Padre Maestro foi moito máis importante e adiantado que no resto de España (un 15% das citas galegas fronte ao 3%, xeral).E, aínda que non se pode realizar unha comparación estricta dos datos, porque as citas correspóndense con repertorios diferentes, as diferencias entre eles é tan elocuente que non pode existir dúbidas sobre o carácter diferencial que presenta a recuperación da obra de Feijoo no ámbito galego en comparación co xeral, español. Seguindo a Barreiro Fernandez (1996) a razón desta peculiaridade galega pode residir na importancia que a primeira xeneración de escritores galeguistas (os provincialistas) lle deron a figura de Feijoo. Nela, atopaban un referente identitario que destacaba con luz propia no universo cultural español e que enlazaba perfectamente coa procura dunha historia de Galicia ben asentada en figuras indiscutibles e de renome universal.

Foi o traballo de Antolín Faraldo en 1842, en *El Recreo Compostelano* ²⁴ sobre Feijoo dentro dunha sección que debería estar dedicada aos filósofos galegos o que iniciou a rehabilitación da memoria do Padre Maestro en Galicia. É un traballo bastante amplo, que non foi concluído pola desaparición da revista , que se ennobrece cun gravado relativamente bó e que comeza cunha clara afirmación galeguista: *El mejor sabio español del siglo 18 ha sido gallego*. Fai unha boa descripción da vida e a calidade da obra do beneditino, incluíndo curiosas referencias como a que lle dedica a unha pseudociencia, daquela de moda, como era a frenoloxía (*Dotado de una penetración profunda: de una memoria prodigiosa – que el frenólogo debe notar con atención, pues está manifestada en los ojos grandes que ofrece su retrato*) ou a súa capacidade de traballo (*una aplicación a las tareas literarias, que solo tenía de interrupción cuatro horas al día*).

Despois desta temperán referencia, está o traballo do abogado coruñés, Pelayo Catoira, de 1860 ²⁵, en *Galicia. Revista universal deste Reino*. No que se laía de que en Galicia non se fixera a lembranza de Feijoo, como había pouco acontecera en Salamanca con Frei Luis de León, erixíndolle un monumento (*Aquel pensamiento era la evocación de otra tumba, olvidada también, durante*

²⁴ Faraldo, A. 1842. Filósofos gallegos: Feijoo. *El Recreo Compostelano*, 3:30-37 e 4:85-88.

²⁵ Catoira, P. 1860. Fr. Benito Gerónimo Feijoo. *Galicia. Revista Universal de este Reino*. I : 76-77.

cien años, pero tan santa para España, relicario de veneración para Galicia...Aquella tumba es tuya ¡oh Galicia! porque allí están los despojos que te dejó la muerte de Fr. Benito Feijoo). Tamen lembra que “un joven artista” propuxera había pouco na *Revista Económica*, de Santiago facerlle una estatua a Feijoo, iniciativa que retomaba e brindáballe a Universidade de Santiago e á prensa local, deste xeito “canonizaremos como buenos gallegos la memoria de tan esclarecido compatriota”. Pero vai ser, sobre todo Manuel Murguía, apoiado no incuestionable prestixio intelectual do que disfrutaba en Galicia, quen sitúe a Feijoo como un dos alicerces do renacer cultural de Galicia..No *Diccionario de Escritores (1862)*²⁶ destaca o papel singular que exerceu Feijoo, xunto con Sarmiento, como adiantados dunha tradición cultural que enraizaba e lle daba soporte a pulsión identitaria que defendía o movemento rexionalista do que Murguía era un dos máis recoñecidos ideólogos.

O punto álxido desta recuperación da figura do beneditino chegou coa celebración da efeméride en Ourense do segundo centenario do seu nacemento en 1877. Barreiro Fernandez, X.R. (2014)²⁷ neste mesmo Symposium, nun esclarecedor e riguroso traballo, informa dos detalles e significado deste acontecemento. O claustro do Instituto de Ourense, en 1875 alerta da proximidade do bicentenario e insta as autoridades a celebralo con toda a solemnidade. O punto central do mesmo foi a celebración dun Certame público ao que concorriron figuras da talla da Pardo Bazán e Concepción Arenal . A polémica e repercusións que suscitou o fallo do xurado así como a difusión posterior dos textos das autoras galegas, contribuíron á popularización da obra e figura de Feijoo, mesmo en España.

De todas maneiras os ecos desta efeméride nos se apagaron co fallo do Certame xa que, practicamente coetánea dela foi a iniciativa de erixirle a Feijoo en Ourense unha estatua por subscripción popular. Esta iniciativa xa era

²⁶ Murguía, M. *Diccionario de Escritores*. 1862.

²⁷ Barreiro Fernandez, X.R. A ollada crítica sobre a obra de Feijoo de dúas escritoras galegas: Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán. En *B.J. Feijoo. Renovador do pensamento da Ilustración no 250 aniversario do seu pasamento (1676-1764)*. Consello Cult. Galega. Santiago, 2014.

alentada en 1876 por Curros nun dos seus poemas (Alonso Montero,X. 1966²⁸):

Del recio polvo que mancharte pudo
vas a exhumar el ídolo olvidado...
al colocarlo en el altar Sagrado.

El Heraldo Gallego, xornal ourensán que dirixía Valentín Lamas Carvajal promoveu unha intensa campaña na promoción do bieito galego, na que se destacaría a publicación en 1876 do Album Literario *La Aldea de Casdemiro*²⁹ con colaboracións de Hermida,J.M. Vesteiro,T., Paz Novóa,J.M., Somoza de la Peña,J.M., Muruais,J. Curros Enriquez,M., Saco y Arce,J.A., Vazquez,R., Rodriguez Seoane,L. Lamas Carvajal,V. Calé y Torres,E.

Tamén, a comisión pro monumento encargoulle a Curros en 1879 un propósito teatral sobre a Figura de Feijoo para que fora representada pola compañía del aragonés Luis Blanc, daquela de xira por Galicia. Foi escrita polo poeta de Celanova en poucas horas e representada con moito éxito . De feito, poucos meses despois, foi de novo posta en escena por unha compañía local. Nesta obra, Curros presenta a un Feijoo, que aparece na terceira escena coas *Cartas Eruditas* na man e pronunciando unha diatriba contra os defensores do obscurantismo:

Partidarios del error
en cuya noche sombría
huerfano el pueblo gemía
sin norte y sin redentor

Era unha figura moi do século XIX, democrática e populista que se presentaba cunha visión moi aberta do celibato eclesiástico e a quen se lle agradecía, por exemplo, os beneficios que os seus consellos reportaban aos agricultores (*Gracias a sus libros, gracias / a sus agudos consejos / sobre el cultivo del campo, / tenemos los graneros / llenos,....*) (Alonso Montero, X. 1966)

²⁸ Alonso Montero, X. Feijoo y Curros Enriquez. *El P. Feijoo y su siglo*. Oviedo, 1966.

²⁹ v/a. *La Aldea de Casdemiro. Album literario dedicado a la inmortal memoria del ilustre crítico Padre Feijoo, publicado por El Heraldo Gallego*. Orense, 1876.

Finalmente, o 8 de setembro do ano 1887, despois de doce de espera, inaugurouse no centro de Ourense a estatua de Feijoo deseñada por Zabala e modelada polo catalán Juan Soler (Otero Tuñez, 1966³⁰). Houbo festas cinco días e falóuse de que asistirán 20.000 persoas (o dobre da que tiña a cidade naquelas alturas). Certames literario e científico, concurso de orfeóns, feira e concurso de gando, fogos de artificio, etc. contribuíron a que o acontecemento non fora esquecido en moito tempo. Manuel Pereiro Rey, home de negocios ourensán e presidente da Comisión pro Monumento puido, por fin, descansar tranquilo e comprobar que o diñeiro que achegara (quizais menos do que se falou) e, sobre todo, os desvelos e contratempos que tivo que aturar, tiña por fin seu recoñecemento. O día 9 houbo un acto solemne na catedral no que Marcelo Macías leeu un notable discurso de glosa do Padre Mestre.

Un feito singular deste período, foi o da presenza da obra de Feijoo nas publicacións que comezaban a editar as comunidades galegas americanas. Viña motivado por unha necesidade, similar á dos movementos rexionalistas, de atopar na historia galega persoas singulares e de recoñecido prestixio, mais agrandada agora pola saudade da patria distante. Foron varias as que recolleron semblanzas do beneditino ou publicaron extractos da súa obra como “El P. Feijoo” (1887) en *Galicia Moderna* de La Habana, “La casa solariega del P. Feijoo (1887) *Galicia Moderna*, ou “El P. Feijoo” (1895) en *La Tierra Gallega*, tamén de La Habana. Sen dúbida, que os diferentes estudos que se teñen feito sobre a presenza de Feijoo en América (Palacio Artad, 1966³¹, Filgueira, 1971³², etc.) no deberían de esquecer este xeito singular de recoñecemento da súa figura alén dos mares.

De todo o dito habería que concluir que a importante diferenza que se establece cuantitativamente, neste período, entre as publicacións sobre Feijoo feitas por galegos e, as restantes, foi debida, en primeiro lugar, á transcendencia que acadou a súa figura, sobre todo en Ourense, pola convocatoria do Certame literario e a erección dunha estatua, e,

³⁰ Otero Túñez, R. Iconografía del P. Feijoo (esculturas). *Feijoo y su siglo*. Oviedo, 1966.

³¹ Palacio Artad, V. La influencia del P. Feijoo en América. *El P. Feijoo y su siglo*. Oviedo. 1966

³² Filgueira Valverde, X., *el Padre Feijoo y los españoles americanos*. Pontevedra. 1971.

secundariamente, polas publicacións galegas do alén mar. Feitos que, evidentemente, non tiveron seu paralelismo no resto de España.

O SÉCULO XX.- Este período é o que acumula o número máis importante de traballos sobre Feijoo, sobre todo fora de Galicia. Por iso, desde un punto de vista sistemático é acosellable dividilo en dúas partes: a das publicacións anteriores á Guerra Civil, e as que se editaron desde seu remate ata finais de século.

A característica máis sinalada a nivel español deste período foi que, a pesar das citas de intelectuais de prestixio como Menendez y Pelayo, M (1904)³³, Azorín (1913)³⁴ ou Pérez de Ayala, R. (1918)³⁵, en xeral, a figura de Feijoo seguiu sumida nun certo silencio ata a chegada da renovación intelectual dos anos vinte. A partir dese momento sucédense unha serie de feitos singulares que volven a poñer a Feijoo na axenda cultural española: O interese que demostra a *Revista de Occidente* con traballos como o de Salinas, P. (1924)³⁶ e o de Marañón, G. (1933)³⁷, a preocupación que manifestan pola obra do Padre Maestro escritores de outras nacionalidades como o catalán Carreras Artau (1930)³⁸, a recepción da obra do francés Delpy *L'Espagne et l'esprit européen. L'oeuvre de Feijoo (1726-1760)* (París, 1930)³⁹, e, sobre todo as repetidas achegas no estudo da figura do beneditino de Gregorio Marañón que culminarían coa publicación de *Las ideas biológicas del Padre Feijoo* pola prestixiosa Editorial Espasa (Madrid, 1934). Tampouco habería que desbotar, como dato significativo, o interese de algúns intelectuais americanos, como foi o caso de Antonio Rubio, en 1937⁴⁰, desde a Universidad Autónoma de México (*La crítica del galicismo en España desde Feijoo a Mesonero (1726-1832)*).

³³ Menendez y Pelayo, M. *Historia de las ideas estéticas en España*. Madrid, 1904.

³⁴ Azorín. *Los valores literarios*. Madrid, 1913

³⁵ Pérez de Ayala, R. *Política y toros*. Madrid, 1918.

³⁶ Salinas, P. 1924. Feijoo en varios tiempos. *Rev. Occ.* III, 8 : 259-265

³⁷ Marañón, G. 1933. Revisión de la historia del hombre-peiz. *Rev. Occ.* XLII, 125: 162-183.

³⁸ Carreras Artau, *Feijoo y las polémicas lulianas en el siglo XVIII*. Barcelona, 1930 (reed. En Santiago, 1934)

³⁹ Delpy, G. *L'Espagne et l'esprit européen. L'oeuvre de Feijoo (1725-1760)*. Paris, 1936.

⁴⁰ Rubio, A. *La crítica del galicismo en España desde Feijoo hasta Mesonero (1726-1832)*. Univ. Nac. Aut. México. 1937

En Galicia, o século comeza con dúas publicacións importantes, a de López Pelaez ⁴¹ sobre *Los escritos de Sarmiento y el Siglo de Feijoo (1901)* e a de Justo E. Areal ⁴², sobre *Poesías inéditas del P. Feijoo (1901)*, na que se recuperan 40 poemas inéditos procedentes do convento de Lérez. Despois delas hai un significativo silencio que se pode poñer en paralelo con o acontecido no resto de España ata os anos vinte en que Marcelo Macias ⁴³ no Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense (1926) volve a tratar sobre o Feijoo poeta. De todas maneiras, o feito máis importante no relativo as achegas desde Galicia á figura de Feijoo foi a publicación, en 1931, da Conferencia de Santiago Montero Díaz sobre *Galicia en el Padre Feijoo*. Neste documentado traballo, fai repaso con novas ideas e formulacións, que de feito atinxen a toda a obra do beneditino, a presenza de Galicia nas súas publicacións. Presenta a un Feijoo “galeguista, patriota e demócrata” do que conclúe que foi :

Preocupado de los temas universales, pero también de los regionales dolores; maestro de la España pensante, pero también apostol de la Galicia sufriente; admirador de cuanto en el mundo ha sido grande y benéfico, pero también conocedor de cuanto Galicia ha realizado en la historia de Europa; maestro universal del siglo XVIII, y por universal y por maestro, gallego sobre todas las cosas.

Na segunda obra que lle dedica ao Padre Mestre (*Las ideas estéticas de P. Feijoo, 1932*) ⁴⁴ fai unha atinada crítica daqueles que falan da “gran cultura pero perverso gusto de Feijoo” así como da súa “escasa sensibilidade para las artes y la poesía” amosando, con novos e agudos argumentos, os valores estéticos que poden ser atopados nas súas obras.

Destes mesmos tempos, serían destacables traballos de intelectuais da talla de Cotarelo Valledor, que publica en *Nos*, en 1930, (*A mocidade do P. Feixoo*) e de Otero Pedrayo, quen inicia os múltiples estudos que lle dedicou ao Padre Mestre co artigo publicado en *El Pueblo Gallego*, en 1935, sobre *A saudade do P. Mestre*.

Finalmente, para este período do século XX que precedeu a Guerra Civil española, foi tamén moi singular a presenza de Feijoo nas publicacións da emigración galega en América. Con unha frecuencia e importancia moi superior

⁴¹ López Pelaez, A. *Los escritos de Sarmineto y el Siglo de Feijoo*. La Coruña, 1901

⁴² Areal, J. *Poesías inéditas del Padre Feijoo*. Tuy, 1901.

⁴³ Macias, M. 1926. Feijoo, poeta. *Bol. Com. Monum. Orense*, 8.

⁴⁴ Montero Díaz, S. 1932. Las ideas estéticas del Padre Feijoo. *Gac. Univ. Sant. Comp.*

as do período precedente foron aparecendo en, practicamente todas as revistas do alén mar, recensións ou anacos das obras de Feijoo ou, sobre todo, referencias e artigos nos que se valoraba a importancia da súa obra e se destacaba seu significado como símbolo egrexio da nosa historia como pobo. E así, atopámonos con traballos en *Aires da miña terra (1908)*, *Suevia (1913)*, *Centro Gallego (1918)*, *Almanaque Gallego (1923)*, *Celtiga (1926)*, *Alma Gallega (1937) etc.*

Despois dos actos e publicacións relativos ao seu centenario, a popularidade de Feijoo en Galicia foi medrando progresivamente, un signo da cal foi as numerosas rúas e prazas que lle foron dedicadas, feito do que o escritor portugués Fialho de Almeida da expresiva conta, ao seu paso por Ribadeo, no relato da viaxe que relizou por Galicia en 1905 (*Cadernos de viagem, Galiza, 1905*. Santiago, 1996 ⁴⁵) : *Em Rivadeo, como em todas as terras da Galiza, a calle Feijoo, ... sao coisas obrigadas.*

O período comprendido entre o final da Guerra Civil e o remate do século foi o que acumulou, con diferenca, o maior número de obras relativas ao Padre Mestre. Deixando a parte o feito de que é tamén o período en que a produción bibliográfica, en xeral, é tamén a máis abundante pódense considerar que en España se deron un conxunto de circunstancias favorables. Por unha parte créase en 1954 na Universidade de Oviedo, instituída polo Concello desa cidade a Cátedra Feijoo, que posteriormente, en 1972, se transforma no Centro de Estudios del siglo XVIII, en 1987 no “Instituto Feijoo del siglo XVIII e, finalmente, no 2005 adquire o rango de Instituto Universitario. El promoveu a revista *Cuadernos de la Cátedra Feijoo* e a celebración dunha serie de congresos e reunións científicas que tiñan como obxectivo, directa ou indirectamente, a vida e a obra do beneditino. Dun xeito singular, No ano 1964, con motivo de cumprirse o IIº Centenario do seu pasamento celebráronse un conxunto de conmemoracións que supuxeron unha achega moi importante, cuantitativa e cualitativamente nestes estudos, como foi o caso do Congreso “Feijoo y su siglo” celebrado en Oviedo. O curso 1964-65 do Ateneo de Santander foi dedicado a conmemorar a obra do beneditino e, finalmente, en

⁴⁵ Fialho de Almeida. *Cadernos de Viagem. Galiza, 1905*. Ed. Laiovento. Santiago, 1996.

Buenos Aires, la Universidad Nacional de La Plata dedicóulle unha serie de estudos.

Tamén puido influir na proliferación dos estudos feixoonianos, o feito de que o século XVIII e, máis concretamente a Ilustración española, pasou a ser un tema importante e de crecente interese para os intelectuais españois (historiadores, economistas, científicos, etc.). De ser unha época relativamente obscura historicamente foise pasando grazas aos traballos de Dominguez Ortiz (1955)⁴⁶, Herr, R. (1960)⁴⁷, Anes, G. (1969)⁴⁸, Elorza, A. (1970)⁴⁹ ou Sarrailh, J. (1974)⁵⁰ a ser un período apaisoante e necesario para o entendemento dos avatares da modernidade en España. O clima da Transición, que tentaba atopar novos alicerces para a inserción do pensamento español coas correntes europeas, así como a ocasión que brindou a conmemoración do IIº aniversario da morte de Carlos III axudou a popularizar estes estudos e a crear un ambiente favorable a súa recepción.

En Galicia, non foi menor a preocupación polo XVIII, sobre todo da man dos historiadores herculinos Martínez Barbeito y Meijide Pardo, que desde os anos sesenta viñéronse preocupando por problemas de historia local e económica. Despois foron os economistas os que descubriron, a partir do anos setenta, a importancia do pensamento ilustrado como un dos primeiros intentos de racionalización da nosa economía (Dopico, 1978⁵¹, Beiras, 1972⁵²) e finalmente, na altura dos oitenta, foron os filósofos, os que se preocuparon pola historia do pensamento galego (Barreiro, X.L.⁵³) os que dun xeito máis singular consideraron a Feijoo como un dos referentes galegos da ilustración..

De todas maneiras, bastante antes de que esta corrente de valoración do movemento ilustrado chegara a Galicia e de que o conxunto das diferentes

⁴⁶ Dominguez Ortiz, A. *La sociedad española en el siglo XVIII*. Madrid, 1955

⁴⁷ Herr, R. *España y la Revolución del siglo XVIII*. Aguilar. Madrid, 1960

⁴⁸ Anes, G.. *Economía e Ilustración en la España del siglo XVIII*. Ariel. Barcelona, 1969

⁴⁹ Elorza, A. *La ideología liberal en la Ilustración española*. Tecnos. Madrid, 1970

⁵⁰ Sarrailh, J. *La España ilustrada de la segunda mitad del siglo XVIII*. F.C.E. México, 1974.

⁵¹ Dopico, F. *La Ilustración e a sociedade galega*. Ed. Galaxia. Vigo. 1978.

⁵² Beiras, X.M. Notas previas para una economía política de la "Ilustración Gallega" En *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sanchez*. Ed. Galaxia. Vigo, 1973.

⁵³ Barreiro, X.L. (coord..) *Sonos e soños da razón*. Univ. Santiago de Compostela. Santiago, 1993.

celebracións suscitaran o interese dos investigadores galegos, houbo unha serie de actos e publicacións que non se deben esquecer.

En primeiro lugar, a inauguración da estatua , realizada por Asorey, no gran claustro do mosteiro de Samos. Fora unha iniciativa que dera seus primeiros pasos antes da Guerra Civil pero que non callou ata despois dela de mans dunha comisión presidida por Gregorio Marañón e que tiña por secretario a Santiago Montero Díaz. Inagurouse con toda a solemnidade o 24 de agosto de 1947, sendo abade de Samos Mario Gómez Pereira. Un ano despois chegaba ao mosteiro Ramón Cabanillas para iniciar a que sería unha longa en afectiva relación con este lugar. Semella que foi moi pouco despois cando comeza o seu poema *Samos* (1958) ⁵⁴, que sería seu derradeiro traballo. Nel, dedícalle unhas sentidas versos á esta estatua do Padre Mestre:

*Mentras no pedestal, inmobre, erguido,
surrí bondadoso e escoita compracido
nos Padre Feixóo, o mestre aceso
pola Verdade, alleo ó prexucio,
que aquí xogou novicio
e visteu a cogulla de profesos;
o gran gallego de visión certa
e pruma sabia, crítica e recoita,
que aquí atopou repouso a canseira
do longo ensino e da esforzada loita.*

A partir deste acontecemento comeza en Samos unha sigular preocupación intelectual por Feijoo da que habería que destacar a serie de artigos do frade Narciso Pérez sobre *El Padre Feijoo y las Ciencias Naturales (1947)* ⁵⁵ que fora premiada pola Academia de Ciencias Fisicas y Naturales e publicada na súa revista, así como as publicacións propias da abadía, que editaron no contorno do seu segundo centenario (González,V. *El Padre Feijoo y su monasterio de*

⁵⁴ Cabanillas,R. *Samos*. Ed. Xerais. Vigo. 2010.

⁵⁵ Pérez,N. 1947. El P. Feijoo y las Ciencias Naturales. Un capítulo de Historia de la Ciencia Española. *Rev. Real Ac.Ciencias Exactas Fisicas y Nat.* : 119-124, 287-336, 469-513, 599-643.

Samos, 1966 ou Leirós, S. *El padre Feijoo. Su magisterio. Antología de sus obras, 1967*).

A outra estatua erixida a Feijoo en Galicia inaugurouse en 1961 en Allariz, terra dos seus antepasados, con unha obra do escultor ourensán Failde na que se nos amosa un frade novo, pensativo, e como ollando cara o chan.

Manuél Casas, presidente da Real Academia Galega, dedícalle tamén dous artigos que publica no Boletín da RAG (“El P. Feijoo juzgado en su tiempo”, 1950 e “El P. Feijoo y la justicia”, 1952) e Ramón Otero Pedrayo continúa seu labor investigadora e divulgativa sobre o Padre Mestre con artigos en *El Pueblo Gallego* (“El delirio del Padre Maestro, 1943), en *La Noche* (El P. Feijoo a través de Concepción Arenal, 1946), en *Aturuxo* (Fray Benito Jerónimo Feijoo, 1952) ou en *La Región* (¡Adios Padre Maestro!, 1958).

Finalmente, habería que destacar tamén para este período o capítulo que Baltar Domínguez lle dedica a Feijoo no seu clásico libro *Opusculos médicos gallegos del siglo XVIII* (1961)⁵⁶ e a colaboración de Sánchez Cantón con os acabados de crear na Universidade de Oviedo *Cuadernos de la Cátedra Feijoo (Ideas de los PP. Feijoo y Sarmiento sobre la organización de los estudios, 1961)*⁵⁷. E, como non podía ser menos, as publicacións da emigración continúan co seu labor divulgador sobre Feijoo (*Saudade, 1944, Alma Gallega, 1947, Lar, 1960, etc.*) e, sobre todo, coa referencia a *Alba de Groria* (1948), ese emocionante manifesto galeguista, a última intervención pública de Castelao o Día de Galicia en Buenos Aires, na que imaxina unha Santa Compañía composta de “galegos inmortaes”, entre os que aparecería Feijoo na compañía de Sarmiento “que remediaron o retraso cultural de España coa súa poderosa erudición e o seu xenio enciclopédico”

A participación galega nas actividades académicas que se celebraron en 1964 para conmemorar os douscentos anos do pasamento do Padre Feijoo foi destacada. No simposio celebrado en Oviedo sobre *El Padre Feijoo y su siglo* (1966) participaron Alonso Montero cun traballo sobre Curros, Xosé Luis

⁵⁶ Baltar Domínguez, R. (estudio sobre la época y los autores) *Opúsculos médicos gallegos del siglo XVIII*. Bibl. Gallegos. Santiago, 1961.

⁵⁷ Sánchez Cantón, F.J. *Ideas de los PP. Feijoo y Sarmiento sobre la organización de los estudios*. Cuad. Cátedra Feijoo. Oviedo. 1961.

Varela con outro sobre a “literatura mixta” en Feijoo ⁵⁸ e Otero Tuñez sobre a iconografía feixooniana. Máis importante, relativa e cunatitativamente, foron as achegas galegas ao Curso organizado polo Ateneo de Santander, publicado como *Ocho ensayos en torno a Feijoo*, (1965) xa que dos oito conferenciantes, tres eran galegos: Rof Carballo, X. (*Medicina crítica y medicina comprensiva en la obra de Feijoo*), Gamallo Fierros, D. (*La poesía de Feijoo*) e Otero Pedrayo, R. (*Coordenadas históricas de la vida del P. Feijoo*). Nos estudos dedicados pola Universidad Nacional de La Plata a Feijoo tamén foi notable a participación galega con importantes traballos como o de Luis Seoane sobre a estética de Feijoo en relación cos movementos renovadores da arte contemporánea ou os dodos dedicados á medicina da época por Garcia Armesto, F. e Sanchez Guisande. É de destacar tamén, na publicación que recolle estes estudos, o pouco coñecido dibuxo que realizou Díaz Pardo sobre Feijoo e que se reproduce no comezo da publicación.

En Galicia, esta conmemoración tivo moita menos resonancia que as convocadas no século XIX que, daquela, foron posiblemente as máis importantes das realizadas en España. Só merece sinalarse o Certame literario sobre a figura de Feijoo, convocado polo, acabado de crear, Instituto de Estudios Orensanos, e que foi gañado por Otero Pedrayo coa súa obra *El Padre Feijoo. Su vida, doctrina e influencias*. O segundo premio correspondeulle a Perez-Rioja, A. co traballo *Proyección y actualidad de Feijoo*. A monumental obra de Otero foi publicada oito anos despois, en 1972, e pode ser considerada, pola súa magnitude, así como pola visión integradora e, en moitos aspectos, novedosa e suxerente que nos achega sobre o Padre Maestro, como unha das grandes referencias sobre Feijoo que foron editadas no século XX.

Estimuladas pola resoancia que acadou Feijoo cos actos do segundo centenario do seu pasamento, apareceron un conxunto bastante amplo de publicacións nos máis diversos medios feitas por importantes persoeiros da cultura galega como Blanco Amor *El Padre Feijoo. Tema con variaciones* (1966), Barreiro Barreiro, X.L. *Defensa das mulleres* (1967) Pensado, X.L.

⁵⁸ Varela, J.L. La literatura mixta como antecedente del ensayo feijooniano. *Feijoo y su siglo*. Oviedo, 1966.

Feijoo e Sarmiento. Dúas vidas sen paralelismo (1967) Rof Carballo,X. *Montesquiu, el P. Feijoo y el Madarín* (1965), ou Varela Jácome,B. *Las preocupaciones literarias del P. Feijoo* (1968).

No que resta de século non decaeu demasiado o interese por Feijoo pois, habería que destacar, na década dos setenta, a publicación dos traballos de Chao Espina (1971-76) sobre a bioloxía do P. Feijoo ⁵⁹, o de Varela,J.L. (1970) sobre o xénero do ensaio ⁶⁰ou o de Filgueira, X.F. (1971) sobre as relacións cos españois americanos ⁶¹. Nos últimos anos habería que sinalar a aparición en Galicia de algúns “expertos” na obra de Feijoo, como foi o caso de López Vázquez, X.R. (1994-95) sobre seu escolasticismo ⁶² ou a de Martínez Lois,A. (1988-92) sobre a obra filosófica ⁶³.

O SÉCULO XXI.- Inmaculada Urzainqui na Introducción ao Simposio *Feijoo hoy. Semana Maraño 2000* sinalaba que desde o último congreso internacional celebrado en Oviedo sobre Feijoo, en 1976 (*II Simposio Feijoo y su siglo*) :

los estudios y la investigación sobre su obra han venido sufriendo un cierto retroceso. Al menos en comparación con otras figuras de la Ilustración que vinieron después como Jovellanos, Forner; Campomanes, etc. que se han beneficiado mucho más del interés y la renovación de estudios sobre el siglo XVIII que se ha vivido en los últimos años.

Esta realidade, que se constata tamén no análise bibliométrico, pode ter a súa explicación nun certo esgotamento dos temas que subscita o Padre Maestro ou ben nunha deriva do interese investigador cara outros obxectivos. De todas maneiras, o “tema Feijoo”, aínda que atenuado, segue vivo, como demostran o significativo número de investigacións que se realizaron no que vai deste

⁵⁹ Chao Espina,H. 1971-72. Feijoo e Sarmiento encol da balea. *Bol. R. A.G. XXVI.*, La generación “ex ovo” dentro de la zoología feijooniana. *Bol. R.A.G. XXX.*, Los vivíparos y la psicología animal en el P. Feijoo. *Bol.R.A.G., XXXII.*

⁶⁰ Varela,J.L. 1970. *El ensayo de Feijoo y la Ciencia.* Madrid, 1970.

⁶¹ *Ibid.* (32)

⁶² López Vazquez, X.R. *O Padre Feixoo, escolástico.* 1995.

⁶³ Martínez Lois, A. *El padre Feijoo (Naturaleza, hombre y conocimiento).* Dip. Prov. A Coruña. 1990.
“ O P. Feijoo: Liñas medulares da gnoseoloxía feixoniana. *O Pensamiento Galego na Historia.* USC. Santiago, 1990.

“ 1992. El Padre Feijoo y la gnoseología: del realismo ingenuo al fenomenalismo perspectivista. *Pensamiento*, 190.

século (34, no repertorio bibliográfico do Instituto Cervantes, que sería máis dun centenar se se extrapolasen ata finais do século XXI).

En Galicia, tamén detéctase unha diminución nas contribucións ao estudo de Feijoo pero, en ningún momento, unha desaparición do interese pola figura do Padre Mestre. Certamente, que a contribución dos investigadores galegos aos dous últimos simposios internacionais de Oviedo practicamente é nula, o que podería interpretarse como unha certa incapacidade para acadar o nivel de excelencia que estes eventos esixen. Pero tamén habería que constatar que, neste século, se realizaron achegas en Galicia dunha calidade excelente.

Neste senso poderíase sinalar p.e. o esclarecedor estudo que Xosé Ramón Barreiro Fernandez realizou sobre as contribucións de Pardo Bazán, Concepción Arenal e Morayta ao Certame sobre Feijoo do ano 1876 (*O estudo crítico das obras de Pardo Bazán, Concepción Arenal e Miguel Morayta, 2003*), o libro do hispanista Enrique Rodríguez Cepeda sobre bibliografía e iconografía na obra de Feijoo, realizado na universidade de California (L.A.) (*De Benito Feijoo a Martín Sarmiento. Bibliografía crítica de la obra de Feijoo. 2008*) e a serie de traballos de Luis Rodríguez Ennes sobre as relacións de Feijoo co Dereito que culminaron co seu libro *El Padre Feijoo y el derecho de su tiempo: una visión premonitoria de problemas de candente actualidad* (2013).

Houbo tamén, importantes traballos de síntese da obra de Feijoo, como os de Lozano Paz para a Editorial Bahía (*Frei Benito Xerónimo Feixoo, 2002*) ou o “Diccionario Enciclopédico do Pensamiento Galego” do Consello da Cultura Galega (*Feixoo, Benito Xerónimo, 2008*) ou o de Manteiga Pedrales, X. para as dúas edicións da “Gran Enciclopedia Galega” (1976, 2003).

E, finalmente, a emigración galega actual, orientada cara España e Europa e con menores recursos, e polo tanto con menor capacidade editora que a americana, tampouco esqueceu, pese a todo, a figura do Padre Maestro como amosa o Centro Galego de Gijón coa publicación de Mera Álvarez, F. (*Padre Feijoo: personajes ilustres, 2009*).

CONCLUSIÓNS.- A presenza do Padre Feijoo está balizada en Galicia por expresións simbólicas tan sinaladas como as tres estatuas que se ergueron en Ourense, Samos e Allariz, os bustos e retratos que se conservan en moitas institucións, así como polas numerosas rúas e prazas que levan a súa lembranza por todo o país. Así mesmo hai unha produción bibliográfica abonda que nos indica que a cultura galega tivo sempre moi presente a figura e a obra do Padre Mestre e que nomes senlleiros dela foron os seus máis afervoados defensores, como Faraldo, Curros, Murguía, Lamas Carvajal, Pardo Bazán, Catelao, Cabanillas, Otero Pedrayo, Blanco Amor, Seoane, etc.

Foi un sentimento que callou fondo na conciencia colectiva dos galegos, aínda que xeograficamente hai dúas zonas donde o nome de Feijoo resoa con especial insistencia e forza: Samos e Ourense. Sobre todo este último, foi, sen nenguna dúbida, o principal protagonista de manter viva e acesa a memoria do benedictino.

O feito de ter nacido en Casdemiro, moi perto da ribeira do Miño ourensán , de se ter formado no mosteiro de Samos e de librar as súas primeiras lides como educador no de Lerez e Poio, foron datos máis que abondos para que fora considerado un dos nosos. E que toda a súa traxectoria como un dos grandes da cultura hispana servira tamén para darlle un peso específico e singular a na historia cultural de Galicia. Esa historia, sobre a que se asentou en boa medida o seu renacemento como cultura e como nación.

Ben e certo, como amosa este repaso da presenza de Feijoo en Galicia, que a súa valoración pasou por moitas vicisitudes. Que tivo seu máximo esplendor no último terzo do dezanove e que, os tempos actuais, non semellan ser moi sensibles as achegas de figuras enciclopédicas e divulgadoras, como foi a do benedictino. Contan máis os persoeiros rutilantes e de fulgores perecederos.

Como datos máis relevantes e diferenciais que se poden deducir deste traballo con relación ao recoñecemento da obra e a vida do Padre Feijoo en Galicia poderían sinalarse a gran importancia dentro do contexto español da produción bibliográfica galega do último terzo do XIX e das primeiras décadas do XX así como a relevancia da contribución da emigración americana . Moitos destes traballos eran pezas menores dictadas en moitos casos polos

sentimentos máis que a consecuencia de estudos demorados e rigorosos. Pero tampouco habería que esquecer que houbo contribucións importantes e significativas dentro da bibliografía feixooniana.

O Padre Mestre foi un gran divulgador do coñecemento e loitou toda súa vida para desterrar os erros dunha poboación maioritariamente iletrada. Pero tamén defendeu como método discriminatorio entre a verdade e a mentira, o peso da experiencia e da razón. Era, pois unha persoa de criterios sólidos e ben definidos. E, hoxe, cando estáse a construír un coñecemento asentado sobre o intanxible e virtual, os criterios de peso e as persoas que os defenden ,seguen a ser máis necesarios ca nunca para poder movernos con seguridade entre o exceso de información que nos afoga. Senón, mais que construír esa idílica sociedade do coñecemento que moitos imaxinan, estarásese a crear unha sociedade da ignorancia. Dunha nova ignorancia.

Apéndice bibliográfico sobre libros e artigos escritos sobre el P. Feijoo , en Galicia ou por escritores galegos

- 1.- ALONSO CORTÉS;n. Datos genealógicos del P.Feijoo. *Com. Prov. Mon.Hist.Art. Orense, X, 1932*
- 2.- ALONSO MONTERO. X. Feijoo y Curros Enriquez. *El P.Feijoo y su siglo. Oviedo. 1964*
- 3.- AREAL,J.E. *Poesías inéditas del P. Feijoo.* Tui, 1901
- 4.- ARENAL,C. Juicio crítico de las obras de Feijoo. *La Revista de España.*1877
- 5.- ARES DE PARGA, I. El Padre Feijoo. *Suevia.*B. Aires, 1913
- 6.- ARIAS,P. El P. Feijoo y la Iglesia de Samos. *Bol.Com.Prov.Mon.H.A. Lugo.*1945
- 7.- “ Donde estudió filosofía el P. Feijoo? *Bol. Com. Mon. Lugo,* III, 1946.
- 8.- ARMESTO, V. *Dos gallegos: Feijoo y Sarmiento.* Moret. La Coruña. 1965
- 9.- ARMESTO RAMÓN,C. Un galego contemporáneo de de Newton divulgador da ciencia. *Bol. Ciencias,*1997
- 10.- BALTAR DOMINGUEZ,R. *Opusculos médicos gallegos del siglo XVIII.* Santiago, 1961
- 11.- BARREIRO BARREIRO, X.L. Defensa das mulleres e ilustración. 1996
- 12 “ *Soños e sonos da razón,* Univ. Santiago. Santiago. 1993
- 13.- BARREIRO FERNANDEZ, X.R. O estudio crítico das obras do P. Feijoo de Pardo Bazán, Concepcion Arenal e Miguel Morayta. *La Tribuna,* 2003.
- 14.- BLANCO AMOR, E. *El Padre Feijoo. Tema con variaciones.* Ed. Galicia. Vigo, 1966.
- 15.- CANELLA SECADES,F. El Padre Feijoo (artículo laudatorio). *Her. Gall.,* II, 41. 1875

- 16.- “ “ Un autógrafo del P. Feijoo. *Ilustr. Gall. Ast.* 1879
- 17.- CARVALHO CALERO;R. Feixó e a razón borbónica. *Grial*, 1964
- 18 “ “ Como vía a Aristoteles el P. Feijoo? *Arqu.Sem. Est. Gal.* V. 1930
- 19.- CARRERAS ARTAU, T y J. *Feijoo y las polémicas Iulianas en el siglo XVIII.* Santiago, 1934.
- 20.- CASÁS FERNANDEZ,M. El P. feijoo juzgado en su tiempo. *Bol. R. Ac. Gal.* 1950
- 21.- “ “ El P. Feijoo y la justicia. *Bol.R.Ac.Gal.* 1952.
- 22.- CASTRO LÓPEZ,M. Patriotismo del Padre Feijoo. *Almanaque Gallego.* B. Aires, 1923.
- 23.- CASTRO VALLADARES, J. E. El nacimiento de Feijoo. *Her. Gall.* II, 41. 1875.
- 24.- CATOIRA, P. Fr. Benito Gerónimo Feijoo.*Galicia*, 1860.
- 25.- CERNADAS DE CASTRO, D. *Ofrenda general para las exequias del muy ilustre Rvdo.P.M. Feijoo. 1774.*
- 26.- CID, L. Recuerdo al Padre Maestro Fary Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro. *Her. Gall,* IV, 31. 1876.
- 27.- CID RUMBAO,A. La verdadera patria del P. Feijoo y otras notas inéditas sobre su apellido y familia. *Bol. Museo Arque.Orense*, IV. 1948.
- 28.- CIDADE,H. P. Benito Feijoo e P. Luis Antonio Verney. *Bol. Univ.Santiago*, I, 1933.
- 29.- COTARELO VALLEDOR, A. A mocidade do P. Feijoo. *Nos*, 1930.
- 30.-CURROS ENRIQUEZ,M. *El Padre Feijjo.* Loa dramática en un acto y en verso. Orense, 1880.
- 31.- CHAO ESPINA,H. Despedida del año feijoniano. El Padre Feijoo en el despertar de la ictiología. *Rev.Gen. Marina*, CLXXVIII. 1965.
- 32.- “ “ Feijoo e Sarmiento encol da baleia. BRAG, 1971-72
- 33.- “ “ La generación “ex ovo” dentro de la zoología feijoniana. *Bol. R.A.G.* , XXX, 1974
- 34 .- “ “ Los vivíparos y la psicología animal en el P. Feijoo, 358. *Bol. R.A.G.*, XXXII, 1976
- 35.- DOMINGUEZ FONTENLA, J. El apellido Feijoo. Como debe escribirse. *Bol. Com. Prov.Mon.Hist. Art. Orense*, IX. 1932.
- 36.- EIJÁN,S. Ideas literarias del P. Feijoo. BRAG, 1942-45
- 37.- FARALDO, A. Feijoo: filósofos gallegos. *El Recreo Compostelano*, 3, 6. 1842.
- 38.- FERNANDEZ ALONSO, B. *Orensanos ilustres.* Dip. Prov. Ourense. 1916.
- 39.- “ “ Notas biográficas del P. Feijoo. *La Región.* 1926.

- 40.- FERNANDEZ GARCIA ARMESTO, F. El reformador del arte de curar. *Estudios reunidos en conmemoración del IIº Centenario de su muerte (1764-1964)*. Universidad Nacional de La Plata (Buenos Aires, AR). 1965
- 41.- FERNANDEZ Y GONZALEZ, M. El Padre Feijoo. *Her. Gall.*, IV. 1876 (*La Tierra Gallega*, 58, 61 e 62. 1895.)
- 42.- “ “ El Padre Feijoo. *La Época*. 1877
- 43.- “ “ Una expedición a Casdemiro. La casa del P.M. *La Época*. 1877.
- 44.- FERNANDEZ POUSA, R. Feijoo y Sarmiento. *Airños aires*. 3. 1964.
- 45.- FERNANDEZ, M. Homenaje al P. Feijoo en la Abadía de Samos. *Yermo*. III, 2. 1964.
- 46.- FIGUEIREDO FEAL, M. Contenido pedagógico de la obra del P. Feijoo. Ed. Moret. Coruña, 1948.
- 47.- FILGUEIRA VALVERDE, X. El P. Feijoo y los españoles americanos. 1971
- 48.- “ “ America ante dos ilustrados: Feijoo y Sarmiento. 1992
- 49.- “ *El P. Feijoo. Su vida*. Museo Pontevedra. 1965.
- 50.- GALLEGO ESPERANZA, M. El padre Feijoo: un ilustrado ourensano. *Ourense Siglo XXI*, 2011.
- 51.- GAMALLO FIERROS, D. La poesía de Feijoo. *Ocho ensayos en torno a Feijoo*. Santander. 1965
- 52.- GARCIA FERREIRO, A. Las fiestas del P. Feijoo. *Galicia*, 1887.
- 53.- “ “ El P. Feijoo. *Galicia Moderna* (La Habana), 1887.
- 54.- GIORDANO, J. Feijoo y el género ensayístico. *Grial*, 30. 1970.
- 55.- GOMEZ PEREIRA, M. *Pro monumento al insigne polígrafo benedictino Padre Feijoo en la abadía de Samos. España*. La Coruña, 1935.
- 56.- GONZALEZ, V. *El Padre su monasterio de Samos y Feijoo*. Publ. Abadía Samos. Lugo, 1966.
- 57.- LAMAS CARVAJAL, V. *Galicia en el segundo centenario del padre Feijoo*. Ourense, 1876.
- 58.- LEIRÓS FERNANDEZ, S. *El P. Feijoo y sus ideas crítico-filosóficas*. Santiago, 1935
- 59.- “ *El padre Feijoo. Su magisterio. Antología de sus obras*. Publ. Abadía. Samos. Lugo, 1967.
- 60.- LÓPEZ ACUÑA, A. El Padre Feijoo y la Biblioteca provincial. En *Historia de la Biblioteca provincial de Lugo. Fundación, vicisitudes y estado*. Lugo, 1938.
- 61.- LÓPEZ PELAEZ, A. *Los escritos de Sarmiento y el Siglo de Feijoo*. A Coruña, 1901.
- 62.- LÓPEZ VAZQUEZ, X.R. Fr. Benito J. Feijoo, profesor de filosofía escolástica. 1994
- 63.- “ “ *O Padre Feixoo, escolástico*. 1995

- 64.- LOZANO PAZ, M. *Frei Benito Xerónimo Feixoo*. Baia. A Coruña, 2002.
- 65.- “ “ Feixoo, Benito Xerónimo. *Diccionario Enciclopédico do Pensamento Galego*. Consello Cult. Galega. Santiago, 2008.
- 66.- MACÍAS GARCÍA, M. Feijoo, poeta. *Bol. Com. Monum. Orense*. 1926.
- 67.- “ “ La ortodoxia de Feijoo. *Bol. Com. Monum. Orense*, 8, 1926
- 68.- “ “ Discurso pronunciado en el descubrimiento de una lápida en honor del Padre Feijoo. *Bol. Com. Prov. Mon. Hist. Art. Orense*, 8, 1927- 1929.
- 69.- “ “ *Elogio del sabio beneditino Fray Gerónimo Feijoo*. Bibl. Gallega, XII. La Coruña, 1887.
- 70.- MANTEIGA PEDRARES, Feijoo. In voce *Gran Encicl. Gallega*. Gijon. (1974). *Gran Encicl. Gallega “Silverio Cañada”*. Lugo, 2003.
- 71.- MARTÍN MORENO, A. *El Padre Feijoo y las ideologías musicales del XVIII en España*. Inst. Est. Orensanos. Orense, 1976.
- 72.- MARTINEZ, G. Ciclo de conferencias feijonianas en la Real Abadía de Samos. *Studia Monastica*, 6. 1964.
- 73.- MARIÑO PAZ, R. Presencia do galego na sociedade galega durante os séculos XVI, XVII e XVIII. *Grial*. 1991.
- 74.- MARTINEZ LOIS, A. El padre Feijoo (Naturaleza, hombre y conocimiento). Dip. Prov. A Coruña, 1989
- 75.- “ “ O P. Feijoo: Liñas medulares da gnoseología feixoniana. *O pensamento galego na historia*. USC. 1990.
- 76.- “ “ Galicia y el Padre Feijoo. *Rev. Inst. Cornide Est. Cor.* 24. 1988
- 77.- “ “ El Padre Feijoo y la gnoseología: del realismo ingenuo al fenomenalismo perspectivista. *Pensamiento*, 190. 1992.
- 78.- MARTINEZ-RISCO Y MACIAS. Las ideas jurídicas del P. Feijoo. IEO. 1973.
- 79.- MERA ALVAREZ, F. Padre Feijoo: personajes ilustres. *Airiños* (Centro Gal. Gijon). 2009.
- 80.- MILLARES CARLO, A. O gran galego. *Saudade*, 4: 3-4. 1943.
- 81.- MONTERO DIAZ, S. Las ideas estéticas del P. Feijoo. *GUSC*. 1932
- 82.- “ “ A propósito de un libro de Maraño. *BUSC*. 1935
- 83.- “ “ *Galicia en el P. Feijoo (conferencia)*. Madrid. 1931.
- 84.- MOSCOSO DE PRADO, Ana Maria. Romance laudatorio dirigido por Da. Ana Maria Moscoso de Prado al P. Feijoo, y carta de este a la autora. *Bol. Prov. Mon. Hist. Y Art. Orense*, 9, 203. 1932.

- 85.- MURGUÍA, M. Fr. Benito Jerónimo Feijoo. *El Heraldo Gallego*, 1876.
- 86.- MURUAIS, J. La muerte de Feijoo. *Her. Gall.* IV, 48. 1876
- 87.- NEIRA DE MOSQUERA, A. El P.M. Fr. Benito Gerónimo Feijoo. *Album histórico, científico y literario de Galicia*. El Ferrol. 1883.
- 88.- NOBOA, E. *Oración fúnebre en las exequias que en el 22 de enero de 1765 celebró el Real Monasterio de San Julian de Samos a su hijo en Muy Ilustre Señor, y ...en Samos*. 1765.
- 89.- NUÑEZ BÚA. Feijoo, Sarmiento y el idioma gallego. *Fray Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro: estudios reunidos en conmemoración del IIº Centenario de su muerte (1764-1964)*. Universidad Nacional de La Plata (Buenos Aires, AR). 1965
- 90.- NUÑEZ DOMINGUEZ, A. O mellor amigo do P. Feijoo. *Lar* (B.Aires), 1960
- 91.- ODRIOZOLA, A. El magisterio del P. Feijoo en Lárez y Poyo. *Diario Pont.* 17.V. 1964. (*el Museo de Pontevedra*, XIX, 1965)
- 92.- “ “ *Exposición bibliográfica del P. Feijoo (1764-1964)*. El Museo de Pontevedra, XIX, 1965.
- 93.- OTERO TUÑEZ, R. Iconografía del P. Feijoo (esculturas) .*Feijoo y su siglo*. Oviedo, 1966.
- 94.- OTERO PEDRAYO, R. Coordinadas históricas del P. Feijoo. *Ocho ensayos en torno a Feijoo*. Santander. 1965.
- 95.- “ “ Estudios sobre Feijoo. *Arbor*. 1965
- 96.- “ “ *El padre Feijoo, su vida, obra e influencias*. Orense. 1972
- 97.- “ “ El P. Martín Sarmiento. La defensa del Teatro Critico. 1972
- 98.- “ “ Lord Bacón y el P. Feijoo. Notas y perspectivas de una inalterable amistad (*Homenaje a Walter Starkie*. Barcelona, 1948)
- 99.- “ “ Fray Benio Jerónimo Feijoo. *Aturuxo*, 1952
- 100.- “ “ Información y sentir del Padre Feijoo sobre el primer escrito célebre de Rousseau. *Cad. Est. Gall. (Fasc.15)*
- 101.- “ “ A saudade do P. Mestre. *El Pueblo Gallego*, 1935
- 102.- “ “ El delirio del Padre Maestro. *El Pueblo Gallego*, 1943
- 103.- “ “ El P. Feijoo a través de Concepción Arenal. *La Noche*. 1946.
- 104.- “ “ ¡Adios , Padre Maestro! *La Región*. 1958.
- 105.- “ “ *Sintesis Histórica do Século XVIII en Galicia*. Galaxia. Vigo. 1969.
- 106.- “ “ Notas sobre las simpatías portuguesas del P.M. Feijoo. En *Miscelanea de Estudos a Joaquim de Carvalho*. Figueira da Foz. 1960.
- 107.- “ “ Na procura do íntimo Mestre Feixoo. *Grial*, 4. 1964.

- 108.- “ “ Horizonte cultural, científico del Padre Feijoo. En *Historia de la Iglesia* (Fliche-Mastru). Valencia. 1977.
- 109.- PARDIÑAS VILLALOBOS, J. ROMERO DE CAAMAÑO, C. Feijoo y Sarmiento. En *Breve compendio de los varones ilustres de Galicia*. La Coruña, 1887.
- 110.- PARDO BAZAN, E. Examen crítico de las obras de Feijoo. Madrid, 1877.
- 111.- “ “ La casa solariega del P. Feijoo. *Galicia Moderna*. 131. 1887
- 112.- “ “ *Feijoo y su siglo*. Discurso presidencial leído en el Certamen Literario que para solemnizar la erección de la estatua de Feijoo ha celebrado la ciudad de Orense el día 10 de septiembre de 1887. (“*De mi tierra*”). La Coruña 1888.
- 113.- “ “ *Oda a Feijoo*. Orense. 1886.
- 114.- “ “ La mascarilla del P. Feijoo. *Bol.Com.Monum. Orense.*, 1926.
- 115.- PENSADO TOMÉ, X.L. Feijoo e Sarmiento: Dúas vidas sin paralelo. *Grial*, 60, 1967
- 116.- PEREZ, L. Realismo y liberalismo del padre Feijoo. *Airinos*. 17. 1964.
- 117.- PÉREZ, N. El Padre Feijoo y las Ciencias Naturales. *Rev. Ac. C.F. Nat.* 1947.
- 118.- “ “ La celda del P. Feijoo. *Monasticon*, 2. 1935.
- 119.- PIÑEIRO, E. Lembranzas de un ilustrado: Feijoo e Samos. *Galicia dende Salamanca*, 2. 1999.
- 120.- PLACER BOUZO, C. El Padre Feijoo. *Her. Gall.*, 40, 41, 44, 46, 49 (1874), 8, 12 (1875)
- 121.- “ “ Recuerdo del P. Feijoo. *Her. Gall.* II, 43. 1875.
- 122.- RISCO, S. Las ideas jurídicas del Padre Feijoo. *Inst. Est. Orens.* 1973.
- 123.- RISCO, V. El P. Maestro Fray Benito Feijoo y Montenegro. En *Historia General de las Literaturas Hispánicas*. IV. 1ª. Parte. Ed. Barna, S.A., Barcelona. 1956.
- 124.- RODRIGUEZ-ENNES, L. *El Padre Feijoo y el derecho de su tiempo: una visión premonitoria de problemas de candente actualidad*. 2013.
- 125.- “ “ Benito Jerónimo Feijoo (1676-1764): o monxe ilustrado. *Galegos de Ourense*, 2012.
- 126.- “ “ Benito Jerónimo Feijoo. *Glaucofis*, 14 . 2008-2009.
- 127.- “ “ Arredor da vida e da obra de. *Anuario Fac. Dereito Ourense*, 2008.
- 128.- RODRIGUEZ CEPEDA, E. *De Benito Feijoo a Martin Sarmiento bibliografía crítica de la obra de Feijoo*. Dep. Lugo. Lugo. 2008.
- 129.- ROF CARBALLO, X. Medicina crítica y medicina comprensiva en la obra del P. Feijoo. *Ocho ensayos en torno a Feijoo*. Santander. 1965
- 130.- “ “ Montesquieu, el P. Feijoo y el mandarín. *Cuad. P. Diálogo*, 17 . 1965.
- 131.- RUBIÑOS, J. La fama de Feijoo en América. *Cultura Gallega* (La Habana), 1. 1936.

- 132.- SANCHEZ CANTON, F.J. *Ideas de los PP. Feijoo y Sarmiento sobre la organización de los estudios*. Oviedo, 1961.
- 133.- SANCHEZ GUISANDE,G. El P. Feijoo y los anatomistas españoles de su siglo. *Fray Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro: estudios reunidos en conmemoración del IIº Centenario de su muerte (1764-1964)*.Universidad Nacional de La Plata (Buenos Aires, AR). 1965
- 134.- SERRANO CASTILLA,F. *Menendez y Pelayo y el P. Feijoo (conferencia en Samos)*. Sem. Conciliar. Santiago. 1965.
- 135.- SARMIENTO, Fr. Martin. *Disertación Crítico-Apológica del Teatro Crítico Universal..* Madrid, 1739
- 136.-SEOANE, L. El padre feijoo y las artes visuales. *Estudios reunidos en conmemoración del IIº Centenario de su muerte (1764-1964)*.Universidad Nacional de La Plata (Buenos Aires, AR). 1965
- 137.- s/s. Un recuerdo al Padre Feijoo. *Her. Gall.* III, 20, 1876.
- 138.- s/s. El Padre Feijoo. *Centro Gallego*,15.04. 1918.
- 139.- s/s. Feijoo. *Alma Gallega*.73-74. 1937
- 140.- s/s. Conferencia del Dr. Otero Pedrayo en la universidad de Montevideo. Las tres polémicas esenciales del Padre Feijoo (síntesis) *Alma Gallega*. 47. 1947.
- 141.- s/s. Nota sobre o P. Feijoo. *Saudade*,V: 18. 1944.
- 142.- s/s. "Pensamientos". P. Feijoo. *Aires da miña terra*.2. 1908.
- 143.- s/s. Fray Benito Jerónimo Feijoo. *Españoles americanos y otros ensayos*. Ed. Emecé. Buenos Aires. 1943.
- 144.- SIMON DIAZ, J. Una carta inédita del P. Feijoo. *Cuad. Est. Gallegos*, 9. 1948.
- 145.- SOTO,J. El Padre Maestro fray Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro. *Celtiga* (B. Aires). 1926.
- 146.- SUAREZ PICALLO,R. "El Padre Feijoo". *La Hora*. (Chile). 1943.
- 147.- " " "El Padre Feijoo". *La Hora*. (Chile). 1950.
- 148.- TABOADA,N. Centenario de Feijoo. *La Iberia*,11.IX.1887.
- 149.- VALDÉS COSTAS,M. El padre Feijoo y el benedictino tudense Fray Mauro Piñeiro y Falcón. *Compostellanum*, 4. 1959.
- 150.- VALBUENA PRAT, A. Feijoo y su época Santiago, 1947.
- 151.- VALLE RUIZ,R. La verdad inspiradora de Feijoo. (Canto premiado en el Certamen celebrado en Orense al inaugurarse la estatua de Mtro. Feijoo). *Ciudad de Dios*, 15. 1888.
- 152.- VARELA,J.L. La literatura mixta como antecedente del ensayo feijoniano. *Feijoo y su siglo* Oviedo, 1966.
- 153.- " El ensayo de Feijoo y la ciencia. Madrid, 1970

- 154.- “ Feijoo y la ciencia. En *Homenaje al profesor Alarcos* .Valladolid. 1967.
- 155.- “ Galicia y Feijoo. En *La palabra y la llama*.Madrid, 1967.
- 156.- VARELA JÁCOME,B. Las preocupaciones literarias del P. Feijoo. *Cuad. Est. Gall*, 1968.
- 157.- “ “ Francisco Soto Marne, impugnador de Feijoo. *Bol. Auriense*. 1974.
- 158.- Varios. *La Aldea de Casdemiro*. Album literario dedicado a la inmortal memoria del ilustre crítico Padre Feijoo. Orense. 1876.
- 159.- Varios. *Certamen literario en conmemoración del segundo centenario del Nacimiento de Fray Benito Jerónimo Feijoo, autor del “Teatro Crítico Universal”, celebrado en Orense el 8 de octubre de 1876*. Madrid. 1877.
- 160.- VAZQUEZ JANEIRO,I. Francisco Soto Marne, impugnador de Feijoo. *Bol. Com. Mon.Orense*. VII, 1926.
- 161.- VAZQUEZ NUÑEZ,A. Poesías inéditas del P. Feijoo. *Ilustr. Gall. Ast*. III, 1881.
- 162.- VAZQUEZ PARDO,E. La mascarilla del P. Feijoo. *Bol. Com. Mon. Orense*, VII. 1926.
- 163.- VESTEIRO TORRES,T. El Padre Feijoo. *Galería de Gallegos Ilustres*. Lugo, 1879. Reproducido en *Galicia* (La Habana), 1902.
- 164.- VICENTI,A. El P. Feijoo. Recuerdos del segundo centenario de su natalicio. *Ilustr. Galle. Ast*. 1880.
- 165.- VILANOVA, A. La galleguidad de Feijoo. . Fray Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro: *Estudios reunidos en conmemoración del IIº Centenario de su muerte (1764-1964)*.Universidad Nacional de La Plata (Buenos Aires, AR). 1965